

**Local Comarcal**

Rúa da Cañota 33 - baixo

15300 Betanzos (Galiza)

Teléfono

981776466

Correo electrónico

betanzos@bng.gal

Páxina web

<http://betanzos.bng.gal>

O Grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Betanzos, ao abeiro do ordenamento vixente, propón ao Pleno da Corporación a seguinte **moción sobre o plan de dinamización da Área Rexurbe e o PREPI do casco histórico de Betanzos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2022, o goberno do Concello de Betanzos solicitaba a inclusión do casco histórico da nosa cidade como área Rexurbe ante a Xunta de Galiza.

Esta figura, a da área Rexurbe, tiña sido creada pola Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galiza de 2019 e, ademais da rehabilitación edificatoria, recollía medidas de dinamización social, demográfica e económica das áreas incluídas.

O 6 de marzo de 2023 oficializábase a declaración do casco como Área Rexurbe, coa pretensión de impulsar actuacións públicas e privadas dirixidas á mellora dos inmobles existentes e dos espazos públicos xunto con medidas sociais, ambientais e económicas dirixidas á mellora das condicións de vida, a creación de riqueza e postos de traballo e a dinamización demográfica.

Non obstante, e logo dunha iniciativa no Parlamento de Galiza presentada pola deputada Mercedes Queixas en 2024 a respecto das medidas que a Xunta de Galiza estaba a desenvolver no noso casco, no BNG puidemos saber que o Concello de Betanzos non tiña presentado o plan de

dinamización da Área Rexurbe, no que se indicarían os obxectivos e as actuacións a realizar.

Nesta mesma liña, no pleno ordinario de setembro de 2024, no BNG de Betanzos presentamos unha pregunta para coñecer os motivos desta carencia do plan de dinamización. A resposta foi que se presentaría en breve, mais non volvemos coñecer noticias ao respecto.

Unido a esta falta de definición no que ao plan de dinamización da Área Rexurbe, o Concello de Betanzos anunciou en marzo do pasado ano a rescisión do contrato de redacción do PEPRI, que ten que actualizar as normas para a rehabilitación do casco histórico, e por tanto garantir o seu futuro e dinamización.

No BNG estamos preocupados pola falta de axilidade do goberno local neste tema e pola falta de información e transparencia en todo o que ten que ver coa redacción do novo PEPRI.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar ao goberno local a informar do estado de tramitación do plan de dinamización da Área Rexurbe do noso casco histórico, así como dos prazos previstos para a súa presentación e execución.
2. Instar ao goberno local a informar das liñas de actuación do plan de dinamización da Área Rexurbe do noso casco histórico.
3. Instar ao goberno local a facilitar á veciñanza toda a información sobre as liñas de traballo e os prazos de redacción e aprobación do novo PEPRI.
4. Facultar á Alcaldía e á concelleira en quen delegar a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir estes acordos.

Betanzos, 19 de marzo de 2025